

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.^a,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 10.11.2017 Hora: 10:30

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 10 de novembro de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 10517 (10/PNC-001089)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á mellora, modernización e competitividade do tecido produtivo rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017
- 1.2 14361 (10/PNC-001298)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre o asentamento por The Navigator Company dunha base de operacións en Galicia destinada á captación de madeira de eucalipto para a fabricación de pasta de papel
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017
- 1.3 16106 (10/PNC-001377)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego de protocolos de actuación para as zonas queimadas polos incendios forestais e a creación dun banco de sementes para a súa implantación na práctica do " heomulching" co fin de limitar o risco de erosión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017
- 1.4 17003 (10/PNC-001418)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso en Galicia do parasito *Torymus sinensis* na loita biolóxica contra a praga da avespiña do castiñeiro, os danos causados por este insecto e polas xeadas ao sector, así como o inicio ou consolidación dos proxectos de desenvolvemento, transformación e comercialización da castaña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

- 1.5 17591 (10/PNC-001451)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre a constitución polo Goberno galego dunha mesa de diálogo cos sectores afectados pola seca co fin de debater propostas para paliar os seus danos e deseñar estratexias para abordar situacións similares nos anos vindeiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 1.6 18017 (10/PNC-001478)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre o inicio pola Xunta de Galicia do proceso de elaboración dos plans de ordenación dos recursos forestais cun ámbito territorial de distritos, unha vez que se remate o proceso de revisión do Plan forestal e logo da realización dos trámites pertinentes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 1.7 18687 (10/PNC-001515)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Salgado, Carlos e 6 máis
Sobre o uso pola Xunta de Galicia dos grupos de desenvolvemento rural para o fomento da diversificación da economía cara a actividades agrarias e non agrarias sustentables no medio rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moises Blanco Paradelo, na data 06/11/2017 16:20:07

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.^a, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 10.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 10.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 10517(10/PNC-001089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego
destinadas á mellora, modernización e competitividade do
tecido produtivo rural

Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Os concellos rurais están a sufrir un importante despoboamento, sobre todo das persoas máis novas, cara ás cabeceiras de comarca e, fundamentalmente, cara ás grandes cidades.

Este feito ten varias causas, pero podemos apuntar como as de maior peso, por unha banda o abandono de actividades económicas, fundamentalmente as agrícolas e gandeiras e, por outra, a perda progresiva de servizos no mundo rural, que impiden a moitas familias desenvolver con normalidade unha vida adaptada ás necesidades do século XXI.

O presidente da Xunta de Galicia no seu discurso de investidura manifestou que esta ía ser a “Lexislatura do Rural”, pero a realidade é que a falta de apoio por parte da Xunta de Galicia para incentivar ás familias para asentarse no rural, a falta de apoio aos sectores produtivos para que permanezan e melloren a súa produtividade e a perda progresiva de servizos privados e públicos teñen agravado de xeito preocupante o despoboamento no rural.

A dita afirmación non se corresponde coa baixa execución orzamentaria do exercicio 2016 en determinadas partidas correspondentes á Consellería do Medio Rural e que parecían destinadas a fixar poboación, así como a mellorar e modernizar o tecido produtivo rural.

Se medimos a execución tomando as obrigas recoñecidas sobre o crédito inicial, temos que:

- A partida 712A Fixación de Poboación no Medio Rural presenta unha execución dun 68,61 %



Grupo Parlamentario

- A partida 712B Modernización e diversificación do Tecido Produtivo Rural, presenta unha execución dun 44 %.
- A partida 741A Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial presenta unha execución dun 60,98 %

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As modificacións orzamentarias durante o exercicio 2016 respecto ao crédito inicial do orzamento supuxeron unha diminución total de 55.799.000 € menos para estas tres partidas.

Polo que, á vista dos datos existentes, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Elaborar un estudo sobre as medidas necesarias para incentivar o asentamento poboacional no rural galego co fin de poder reflectilas e orzamentalas nos orzamentos da comunidade autónoma galega para o ano 2018.

2º) Adoptar as medidas necesarias para incentivar a modernización, competitividade e/ou especialización dos sectores produtivos no rural galego.

3º) Manter os servizos públicos no rural, colaborando financeiramente cos concellos máis pequenos co fin de que poidan desenvolver as competencias que lle outorgan as leis.

Pazo do Parlamento, 9 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/06/2017 10:36:09

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/06/2017 10:36:20

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 10:45
Nº Rexistro: 10517

Data envío: 15/06/2017 10:45:53.078



Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/06/2017 10:36:29

José Antonio Quiroga Díaz na data 15/06/2017 10:36:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/06/2017 10:36:52

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 10.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 14361(10/PNC-001298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o asentamento por The Navigator Company dunha base de
operacións en Galicia destinada á captación de madeira de
eucalipto para a fabricación de pasta de papel

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:39
Nº Rexistro: 14361
Data envío: 21/08/2017 10:39:10.345

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao anuncio de The Navigator Company de instalar en Galicia unha base de operacións destinada ó fornecemento de materia prima.

Non corren bos tempos para o eucalipto en Portugal logo da anunciada moratoria, hai xa meses, por parte do goberno portugués.

O día 19 de xullo a Asemblea da República aprobou unha serie de medidas para limitar e reduci-la plantación de especies coma o eucalipto. É evidente que isto non se debe a un capricho momentáneo nin a unha nova variable do mercado mundial da pasta de papel. É o resultado dunha análise seria da foresta portuguesa sumida nun caos semellante á galega e que provoca que ano tras ano principalmente na época estival os lumes sexan, o mesmo ca en Galicia, o pan de cada día.

O lume de Leiría foi a resposta, casual ou non, e cos seus mortos acelerou as medidas a tomar.

A Estratexia Nacional para as Florestas prevé que a superficie de eucaliptos non supere as 812.000Has. actuais desenvolvendo mecanismos que conduzan á



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:39
Nº Rexistro: 14361
Data envío: 21/08/2017 10:39:10.345

redución das mesmas e aumentar a superficie de carballos e outras frondosas nun 40%.

Inmediatamente The Navigator Company anuncia a súa intención de instalar en Galicia unha base de operacións e posiblemente máis, destinada ó fornecemento de materia prima.

Este anuncio alarmou ós sectores máis sensibles coa desastrosa política forestal promovida por Ence e consentida e apoiada polo goberno do PP.

Non é admisible que unhas medidas sensatas, que desde o BNG levamos reclamando hai décadas para Galicia a respecto da ordenación do espazo forestal, diversificación de especies, multifuncionalidade... que parece ser queren iniciar no país veciño, poidan chegar a te-lo efecto contrario aquí no noso.

Por todo o exposto, e diante a ameaza de que o presumible aumento da demanda converta este País nun territorio sen lei nin orde no que a política forestal se refire, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en copmisión:

“O Parlamento de Galiza insta ó Goberno galego a:

-Toma-las medidas necesarias para frea-la expansión do eucalipto prohibindo a súa plantación en novas terras.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:39
Nº Rexistro: 14361
Data envío: 21/08/2017 10:39:10.345

-Iniciar medidas para inverter o proceso de eucaliptización incentivando a substitución das actuais prantacións con esta especie por outras de maior rendibilidade a longo prazo no camiño de acadar un monte multifuncional e sostible con cultivos alternativos á pasta de papel.

-Identificación e recuperación das terras agrarias ocupadas ilegal e irracionalmente por plantacións de piñeiro e eucalipto.”

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2017 10:36:34



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:39
Nº Rexistro: 14361

Data envío: 21/08/2017 10:39:10.345

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2017 10:36:40

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2017 10:36:45

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2017 10:36:48

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2017 10:36:52

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2017 10:36:56

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 10.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 16106(10/PNC-001377)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego de protocolos de actuación para as zonas queimadas polos incendios forestais e a creación dun banco de sementes para a súa implantación na práctica do "heomulching" co fin de limitar o risco de erosión

Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, a iniciativa do deputado **Davide Rodríguez Estévez** e das deputadas **Paula Quinteiro Araujo e Paula Vázquez Verao**, a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 7.ª**, sobre as actuacións de “heomulching” que a Consellería de Medio Rural debe levar a cabo para limitar o risco de erosión en terreos queimados.

Exposición de Motivos

Para limitar o risco de erosión post-incendio cómpre tomar un conxunto de decisións e realizar una serie de actuacións no menor tempo posible antes de que as primeiras chuvias desencadeen os peores efectos.

Este complexo labor require unha planificación que estableza con claridade os puntos esenciais a considerar, as accións a acometer e a súa secuencia de execución. Nese contexto, os protocolos son instrumentos útiles que axudan a organizar as actuacións.

Os incendios forestais constitúen unha das perturbacións máis frecuentes e importantes que sofren os ecosistemas forestais de Galicia. Cando, tras o lume, conflúen nunha área queimada de relevo pronunciado, altos niveis de perturbación no solo e na vexetación e elevadas precipitacións, existe un risco potencial de fortes alteracións na resposta hidrolóxica das bacías afectadas, con grandes aumentos na escorredura superficial e episodios erosivos intensos.



Estes fenómenos favorecen a degradación do solo, un recurso fundamental para o mantemento da calidade e produtividade do ecosistema afectado, podendo ademais orixinar riadas e inundacións, con ameaza para as vidas humanas, infraestruturas e diversos recursos valiosos dentro e fóra da área queimada.

Os acolchados ou “mulches”, teñen sido ferramentas eficaces dependendo do réxime de precipitación e da severidade do incendio. A aplicación de mulch desde helicóptero efectuada por primeira vez en España en áreas incendiadas de Galicia, é un sistema factible, rápido e eficaz con reducións de perdas de solo de máis do 90%.

Pero ante esta boa nova, dende En Marea, somos conscientes de que en determinadas zonas con figura de protección medioambiental estase a botar sementes que hoxe, Conservación da Natureza, ten prohibida a súa implantación, e que, o custe elevado desta práctica, serviría para aumentar o gasto de prevención e non ter que lamentar a erosión do chan queimado nunha escorrentía.

Un modelo lóxico de actuación ten que ter en conta a data do lume para valorar riscos e rebotes, a posibilidade de corta da biomasa aérea que non rebota e a súa colocación para evitar regos, implantación de sementes: unha de crecemento rápida e pouco perenne, e outra de sementes endóxenas baixo criterios técnicos o que nos leva a necesidade de crear uns bancos de sementes endóxenas dos territorios cunhas reservas mínimas por especie.

O aporte de biomasa allea debe ser unha medida extraordinaria e cunhas esixencias de compra definidas.

A todo isto, cabe nomear que no existen controis de contaminación fitolóxica nestes terreos queimados.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16106
Data envío: 12/09/2017 14:25:36.899



O aporte de biomasa allea debe ser unha medida extraordinaria e cunhas esixencias de compra excepcionais, evitando que se instaure como unha práctica habitual.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.Elaborar un protocolo de actuación para as terras queimadas con carácter universal de aplicación e con redaccións por zonas, que prioricen a perda de chan e a súa microbioloxía, a contaminación das augas doces, a perda de biodiversidade e paisaxe, así coma os multiservizos da terra. Estes protocolos teñen e deben ser avaliados no plano temporal e económico.
- 2.Crear un banco de sementes para implantar na práctica do “heomulching” con especies de crecemento rápido e pouco perenne, e outro de sementes endóxenas baixo criterios técnicos cunhas reservas mínimas por especie.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16106
Data envío: 12/09/2017 14:25:36.899



David Rodríguez Estévez na data 12/09/2017 14:16:53

Paula Quinteiro Araújo na data 12/09/2017 14:17:23

Paula Vázquez Verao na data 12/09/2017 14:17:38

Luis Villares Naveira na data 12/09/2017 14:17:43

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 10.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 17003(10/PNC-001418)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso en Galicia do parasito *Torymus sinensis* na loita biolóxica contra a praga da avespiña do castiñeiro, os danos causados por este insecto e polas xeadas ao sector, así como o inicio ou consolidación dos proxectos de desenvolvemento, transformación e comercialización da castaña

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 11:13
Nº Rexistro: 17003
Data envío: 20/09/2017 11:13:37.867

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O insecto coñecido coma *nesperiña do castiñeiro* que ataca ós castiñeiros está aínda en plena expansión. Hai xa amplas zonas de Galicia onde son visibles os danos ocasionados polo mesmo e onde a densidade de bugallos por planta é alarmante de cara á próxima colleita.

Sabemos dos reparos postos desde o MAPAMA á introdución xeralizada do *Torymus sinensis* mentres os ensaios feitos en Andalucía e Galicia non aportasen datos sobre a súa influencia no equilibrio das especies e en concreto coas catro variedades autóctonas de *Torymus*.

Parece ser que os primeiros resultados apuntan a que non existen problemas para autoriza-lo uso deste parásito (*Torymus sinensis*) de forma xeralizada.

Mentres, a praga avanza e os primeiros danos xa se deixan sentir na colleita deste ano en zonas onde xa estaba presente o ano pasado.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 11:13
Nº Rexistro: 17003

Data envío: 20/09/2017 11:13:37.867

Visto o mal que ocasionou en Italia é de agardar que aquí, neste noso país, chegue a facer outro tanto nun sector tan castigado nos últimos tempos por outras enfermidades coma o *chancro* ou a mesma *tinta* aínda presente en moitas zonas.

O sector da castaña, abandonado pola despoboación do rural e pola falta de interese no mesmo das administracións, que se encontraba en esperanzada recuperación mercede a proxectos individuais e colectivos moi singulares, está ameazado de morte nestes momentos se por parte da Administración non se toman medidas inmediatas.

Italia chegou a perder case o 100% da colleita de castaña nos anos pasados, e a piques estivo de ve-la fin dos castiros no seu territorio de non ser pola rápida e combinada resposta do sector, investigadores e máis administracións, que levou a facilita-las soltas de *Torymus sinensis* nas zonas afectadas

De momento mentres non apareza un milagre o único remedio está na solta masiva do xa citado *Torymus sinensis*, e mentres en Italia dan por finalizada a praga, establecido o novo equilibrio, aquí vemos como se estende por todo o noso territorio e como o sector da castaña camiña a un desastre anunciado.

Por outra banda, dende o sector non se entende como se o *Torymus sinensis* vai chegar, de maneira natural ou forzada, máis tarde ou máis cedo hai tantos reparos por parte da Administración.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 11:13
Nº Rexistro: 17003
Data envío: 20/09/2017 11:13:37.867

-Axiliza-las investigacións demandando resultados nas soltas controladas efectuadas no tocante á incidencia no equilibrio cos outros torymus autóctonos.

-Deseñar un plan de choque e iniciar unha solta masiva do parásito nas zonas afectadas dando comezo así á loita biolóxica continuada ata restablecer un novo equilibrio que salve do desastre ó sector do castiñeiro e da castaña.

-Establecer unha liña de axudas directas ó sector pra paliar los danos causados tanto plas xeadas coma pola nesperiña.

-Establecer unha liña de axudas para inicio ou consolidación dos proxectos de desenvolvemento, transformación e comercialización da castaña nunha decidida aposta polo sector coma factor de revitalización económica e demográfica de territorios xeralmente deprimidos de Galicia.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 11:13
Nº Rexistro: 17003
Data envío: 20/09/2017 11:13:37.867

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2017 11:09:49

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2017 11:09:56

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2017 11:09:59

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2017 11:10:00

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2017 11:10:02

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2017 11:10:08

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 10.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 17591(10/PNC-001451)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a constitución polo Goberno galego dunha mesa de diálogo cos sectores afectados pola seca co fin de debater propostas para paliar os seus danos e deseñar estratexias para abordar situacións similares nos anos vindeiros

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**

O verán pasado choveu un 27% menos que nos anos anteriores e as temperaturas foron máis altas que de costume. Encadeamos así cinco estacións consecutivas con precipitacións por baixo da media, o que se traduce nunha seca preocupante que está causando severos problemas de abastecemento de auga a moitos municipios, sobre todo na provincia de Ourense. Estes problemas acontecen a pesar de que Galicia leva en prealerta dende fai nove meses. Cabe preguntar, polo tanto, que estivo a facer o Goberno da Xunta durante todo este tempo para evitar que a ausencia de choivas causase estragos ás familias e aos negocios nunha maior situación de risco.

Os cambios nos patróns meteorolóxicos que estamos a padecer débense ao cambio climático, que deberíamos estar combatendo con moita maior contundencia e cunha ambiciosa estratexia de futuro. Síntoma do cambio climático son as precipitacións menos frecuentes, pero máis intensas, que se presentaron na nosa comunidade coa forma da “gota fría” causando gravísimos danos ao campo.

As fortes precipitacións sumadas á seca estragaron numerosas colleitas (a recolección da uva das principais denominacións de orixe minguou un 50%) e obrigaron a moitos gandeiros a comezar a utilizar xa o forraxe que estaban a gardar para o inverno, pois non hai pastos suficientes en numerosas zonas de Galicia.



Co motivo da noticia de que a Xunta pensa decretar a alerta por seca en polo menos 6 das 19 cuncas da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, pensamos que é o momento de repasar o que se fixo ata o de agora e de pactar as medidas que se deben tomar no futuro.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Constituír unha mesa de diálogo cos actores afectados pola seca para debater propostas que permitan paliar os seus danos e deseñar estratexias que permitan abordar situacións similares nos anos vindeiros.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 13:22
Nº Rexistro: 17591
Data envío: 27/09/2017 13:22:06.771



Paula Quinteiro Araújo na data 27/09/2017 13:12:55

David Rodríguez Estévez na data 27/09/2017 13:13:09

Luis Villares Naveira na data 27/09/2017 13:13:18

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 10.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 18017(10/PNC-001478)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia do proceso de elaboración dos plans de ordenación dos recursos forestais cun ámbito territorial de distritos, unha vez que se remate o proceso de revisión do Plan forestal e logo da realización dos trámites pertinentes

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 13:55
Nº Rexistro: 18017
Data envío: 02/10/2017 13:55:21.222

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Silvestre Balseiros Guinarte, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez e Encarna Amigo Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

Galicia é unha das máis importantes potencias forestais de Europa, cunha superficie forestal arbolada de máis de 1.400.000 hectáreas, o que representa o 48% de todo o territorio.

O desenvolvemento rural da nosa Comunidade Autónoma pasa ineludiblemente polo compromiso cunha xestión que poña en alza o noso potencial forestal desde o punto de vista socioeconómico e ambiental. A xestión forestal que garanta a multifuncionalidade do monte galego, tense que desenvolver dunha maneira respectuosa co medio ambiente, procurar a rendibilidade económica e social beneficiosa e, ademais, marcar o camiño do futuro dos nosos bosques.

Nestes últimos anos cubríronse importantes obxectivos respecto da normativa que estrutura o sector forestal de Galicia. A Lei de montes e os decretos de aproveitamentos forestais, de ordenación forestal, de regulación das agrupacións de propietarios forestais, e o que regula os reinvestimentos nos montes veciñais en man común, xunto coa revisión do Plan Forestal de Galicia, actualmente en proceso, significaron un importante avance.

Pódese afirmar que a ordenación de montes ten como finalidade a organización, tecnicamente xustificada, dos usos do monte, a través de especificacións necesarias para a súa xestión sustentable no tempo e no espazo. As vantaxes da súa aplicación son múltiples e entre elas destacan a conservación e crecemento das masas forestais, a fixación e xustificación de quendas, que en determinados casos, posibilitan a existencia de superficies de bosque maduro, ou a posta en valor dos terreos improdutivos do monte.

Dada a importancia da ordenación de montes faise necesario unha maior superficie baixo figuras de ordenación, xestión forestal ou equivalentes en Galicia. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, foi moi sensible a esta necesidade e afrontou de



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 13:55
Nº Rexistro: 18017**
Data envío: 02/10/2017 13:55:21.222

xeito claro e decidido a adaptación dos instrumentos de ordenación ou de xestión forestal, así como doutras figuras equivalentes á realidade do monte en Galicia.

Dentro deste ámbito a Lei presta especial atención os Plans de Ordenación de Recursos Forestais que se regulan nos artigos 74 e seguintes. No texto legal se definen como instrumentos de planificación forestal, que afectarán preferentemente a cada distrito forestal, como territorios de condicións xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais ou paisaxísticas homoxéneas e que terán carácter obrigatorio e executivo nas materias reguladas na propia lei, nos termos establecidos en cada plan. Así mesmo, terán carácter indicativo respecto de calquera outra actuación, plan ou programa sectorial.

A lei tamén dispón que o contido destes plans deberá coordinarse cos correspondentes plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito establecidos na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Estando aberto un procedemento de revisión do Plan Forestal de Galicia, parece oportuno tamén desenvolver as previsións da Lei de montes coa elaboración dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) nos 19 distritos forestais de Galicia, de xeito que as orientacións produtivas potenciais, o desenvolvemento de plans específicos, a definición territorial dos terreos forestais e a planificación territorial preventiva faciliten as estratexias produtivas dos silvicultores galegos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que previo os trámites pertinentes, se inicie o proceso de elaboración dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) cun ámbito territorial de distritos, unha vez se remate o proceso de revisión do plan forestal”.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/10/2017 13:51:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 13:55
Nº Rexistro: 18017
Data envío: 02/10/2017 13:55:21.222**

José González Vázquez na data 02/10/2017 13:51:37

Raquel Arias Rodríguez na data 02/10/2017 13:51:48

Moisés Blanco Paradelo na data 02/10/2017 13:51:55

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/10/2017 13:52:03

Carlos Gómez Salgado na data 02/10/2017 13:52:10

Daniel Vega Pérez na data 02/10/2017 13:52:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/10/2017 13:52:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 10.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 18687(10/PNC-001515)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e 6 máis

Sobre o uso pola Xunta de Galicia dos grupos de
desenvolvemento rural para o fomento da diversificación da
economía cara a actividades agrarias e non agrarias
sustentables no medio rural

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 16:34
Nº Rexistro: 18687
Data envío: 11/10/2017 16:34:08.164

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Carlos Gómez Salgado, José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Silvestre Balseiros Guinarte, Daniel Vega Pérez e Encarna Amigo Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de motivos

A evolución e a crise do medio rural tradicional orixinou unha serie de cambios que comezaron a reestruturar para adaptalos os novos modelos socioeconómicos.

E preciso consolidar unha estrutura económica e unha base da vida social, alternativa a aquela que existía vencellada case exclusivamente a identificación entre o medio rural e os sistemas tradicionais de explotacións agropecuarias.

As solucións que permitan desenvolver estas novas estruturas económicas non responderán a receitas xerais, senón que haberá que valorar cuestións como o tipo de actividade, e os axentes que as promovan, tendo en conta os recursos de cada territorio, e tamén os requirimentos da demanda, xa que non todo o que pode producirse en cada zona rural constitúe unha actividade económica demandada polos mercados e xa que logo rendible.

Pola súa banda haberá que ten en conta o papel que vaian desempeñar os propios agricultores e outros axentes locais, e tamén o dos axentes da zona fronte á poboación e as empresas externas interesadas no aproveitamento dos recursos do territorio.

En definitiva, será no ámbito da poboación de cada territorio ou bisbarra onde se han de procurar as vías de desenvolvemento e de transformación da economía rural.

Precisamente para asegurar esa participación da sociedade rural constituíronse os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs), entidades sen ánimo de lucro, con socios públicos e privados que seleccionan os proxectos que lles permiten levar a cabo a súa estratexia de desenvolvemento. Estes GDRs implican polo tanto unha formulación multisectorial, tanto na dimensión económica, non só do sector primario, como no resto de dimensións sociais; equipamentos, servizos e dotacións públicas, defensa dos valores patrimoniais e medioambientais, relacións sociais, traballo en rede, etc..

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 16:34
Nº Rexistro: 18687
Data envío: 11/10/2017 16:34:08.164

Neste sentido, os grupos de desenvolvemento Rural, perseguen unha aplicación do desenvolvemento rural baseado principalmente na participación da propia poboación do territorio, integrando todos os recursos e actores económicos e humanos que existan no territorio ou comarca de actuación.

O elemento esencial da metodoloxía dos GDR é que artellan “Procesos de abaixo cara arriba”. As estratexias ou programas específicos de desenvolvemento rural defínense no ámbito local do territorio, e as decisións sobre as liñas concretas de aplicación das axudas e mesmo dos proxectos que se financian son tomadas nese mesmo ámbito por partenariados de axentes públicos e privados (na súa maioría privados por esixencias dos programas).

Os proxectos poden ser de natureza produtiva, aqueles orientados a xeración de emprego e riqueza, ou mesmo non produtivos, que perseguen a dotación de servizos e equipamentos.

Tendo en conta as características específicas do territorio rural galego e os obxectivos da Xunta de Galicia para o desenvolvemento rural contribuíndo á estratexia europea 2020 que pretende acadar un desenvolvemento territorial equilibrado, incluíndo a creación e a conservación do emprego fixando poboación no rural, débese ter unha estratexia para a realización destes obxectivos.

Non hai ningunha dúbida da necesidade de potenciar as actividades agrarias, e esta necesidade conforma a liña fundamental das axudas da Consellería, tanto na banda dos investimentos como da comercialización dos produtos agrarios. Pero tense que potenciar tamén a implantación de actividades non agrarias no rural, como un mecanismo de diversificación e de fixación de poboación no rural. É neste ámbito é evidente que a propia configuración dos grupos de desenvolvemento rural pode facilitar o coñecemento daquelas actividades non agrarias que terán mais posibilidades de implantarse en cada parte do territorio.

Deste xeito, no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia concorria nas pasadas eleccións autonómicas do 2016 e conquería a maioría absoluta manifestábase o compromiso de aproveitar os Grupos de Desenvolvemento Rural para potenciar esta diversificación. Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos oportuno someter a consideración do Parlamento o impulso desta liña estratéxica comprometida no noso programa.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 16:34
Nº Rexistro: 18687
Data envío: 11/10/2017 16:34:08.164**

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a utilizar os Grupos de Desenvolvemento Rural para fomentar a diversificación da economía cara actividades agrarias e non agrarias sostibles no medio rural”.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/10/2017 14:35:30

Carlos Gómez Salgado na data 11/10/2017 14:35:39

José González Vázquez na data 11/10/2017 14:35:48

Raquel Arias Rodríguez na data 11/10/2017 14:35:57

Moisés Blanco Paradelo na data 11/10/2017 14:36:06

Silvestre Balseiros Guinarte na data 11/10/2017 14:36:13

Daniel Vega Pérez na data 11/10/2017 14:36:20

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/10/2017 14:36:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com